

«Por que o voso instituto está construído como unha prisión?»

Porque neste sitio, como en calquera outro, a liberdade non gusta, e arranxan magnificamente para contela, reducila ou limitala ao máximo. O poder de ir e vir, de circular libremente sen trabas, de moverse sen ter que dar explicacións; o de facer uso como un desexa do seu tempo, todo iso que pon de manifesto a autonomía do individuo (a posibilidade de decidir sobre a súa existencia con todo detalle), incomoda considerablemente á sociedade no seu conxunto. De aí que a sociedade inventase certo número de institucións que funcionan segundo técnicas de control: control do voso espazo e tempo.




O panóptico, prisión moderna

Á sociedade non lle interesa a liberdade porque esta non xera orde, coherencia social, agrupación proveitosa, senón máis ben a fragmentación de actividades, individualización e atomización social. A liberdade provoca medo, angustia: inquieta ao individuo, que se encontra fronte a si mesmo, dubidando, ante a posibilidade de elixir e experimentar así o peso da responsabilidade; pero incomoda igualmente á sociedade, que prefire personaxes integrados no proxecto asignado a cada un, antes que unha multitude de pezas interpretadas por pequenos grupos de individuos.

O libre uso do noso tempo, do noso corpo, da nosa vida, xera unha angustia maior que se nos limitamos a obedecer ás instancias xeradoras de docilidade, isto é, a familia, o colexio, o traballo e outras escusas para rematar coa liberdade en proveito da seguridade que a sociedade ofrece: unha profesión, un status, unha visibilidade social, un recoñecemento en función do diñeiro, etc. De aí que os homes, co fin de evitar a angustia dunha liberdade sen obxecto, prefiren tan a miúdo botarse nos brazos das máquinas sociais que rematan por engulilos, trituralos e, despois, dixerilos.

Dende a vosa temperá idade, a escola faise cargo de vós para socializar vos, ou o que é o mesmo, para facervos renunciar á vosa liberdade salvaxe e facervos preferir a liberdade definida pola lei. O corpo e a alma están formados, fabricados. Incúlcase unha forma de ver o mundo, de enfocar o

real, de pensar as cousas. Normalízase. O colexial de primaria, o estudante de secundaria, o de bacharelato, o que se prepara para acceder á universidade, sofren o imperativo de rendibilidade escolar: as notas que hai que obter, preferentemente por enriba da media, os expedientes académicos que constitúen outras tantas fichas policiais asociadas aos vosos movementos administrativos, os deberes que hai que entregar, a disciplina que hai que respectar minuciosamente, o obxectivo de pasar a un curso superior, o teatro do consello escolar que examina o alcance da vosa docilidade, a obtención de diplomas coma se fosen fórmulas máxicas, mesmo se, non serven para nada. Todo iso aspira menos a facervos competentes (se non, por que non es bilingüe despois de estudar durante sete anos unha lingua estranxeira?) que a medir a vosa aptitude para a obediencia, a docilidade, a submisión ás demandas dun corpo docente, dos equipos pedagóxicos e de dirección.



Deseño do panóptico de Bentham

E a arquitectura do instituto? preguntarédesme. Implica que, en cada momento da xornada, dende que entrades no establecemento ata que saídes del, se saiba onde estades e o que facedes. O instituto é unha construción con fluxos, circulación de persoas que vai e veñen, se trasladan a unha sala e abandonan outra, diríxense cara a unha biblioteca, un comedor, un ximnasio ou unha sala de informática, un taller.

Calquera que controle eses fluxos, controla os individuos que os constitúen. Cada cambio de grupo materialízase, cada desprazamento individual rexístrase, sobre todo se ten lugar durante unha hora de clase, porque entón sinala unha disfunción (ides ao baño, á enfermaría, ao despacho dun responsable da disciplina, á biblioteca, pasades a ser nómades cando todo vos forza a un estado sedentario). De aí a instalación de despachos nos puntos neuráxicos das transicións: bedeis, xefes de estudos (o nome cambiou, fíxose máis presentable, pero a función segue sendo a do prefecto de disciplina de antano), membros do equipo directivo (responsables de seccións, de grupos, niveis, etc.). En todas as partes téñesevos que poder ver. É o principio do **panóptico**¹: alí onde estades,

¹ O panóptico é un proxecto de construción cun patio central que vixía toda unha serie de celas dispostas circularmente a contraluz, nas cales se encerra os individuos. Dende o centro contrólase toda cousa e

calquera que sexa a vosa actividade se vos ve. A arquitectura do instituto está feita para organizar a perpetua visibilidade dos vosos movementos e as vosas posicións.

75 A ordenación do espazo faise posible grazas á arquitectura. A do voso día, e tamén do voso curso, polo emprego de tempo. Co lugar ocupado pola vosa clase (a aula numerada) como abscisa e o momento da xornada (a división das horas) como ordenada, obtense a posibilidade dunha intersección que informa de xeito permanente á autoridade do lugar no que vos encontrades. A vosa visibilidade é máxima. Os timbres impoñen os desprazamentos, os ritmos, os partes sinalan a vosa presenza ou a vosa ausencia. E a programación de aula afina a operación de localización: á hora dita no lugar convidado, ocupades un espazo determinado (dous metros cúbicos de aire) que só podedes abandonar co permiso da autoridade (o profesor cando invita ao encerado, a repartir fotocopias ou deberes corrixidos, ou ben, o timbre que anuncia un cambio de materia ou lugar).

85 A vosa liberdade individual desaparece co control do espazo (a arquitectura) e o control do tempo (a administración). A mesma lóxica do panóptico preside o funcionamento dos cuarteis, prisións e talleres, cos dispositivos axeitados para cada lugar: sereas en lugar de timbres, fichas de entrada e saída en lugar de partes, celas a xeito de clases, máis ben graos que cualificacións, tiro con fusil e non entrega de exercicios, o calabozo ou os arrestos de rigor que substitúen aos exames e os castigos, o despedimento equivalente á expulsión, o tribunal de conciliación laboral á comisión de convivencia, os celadores que substitúen os bedeis e os profesores. En cada momento preténdese un bo escolar, un bo soldado, un bo cidadán, un bo obreiro. A liberdade, para que? Pois ante todo trátase de apresar as múltiples posibilidades da liberdade pura para forzalas a pasar polo ollo da agulla da disciplina social. Co obxectivo non confesado de extinguir as formidables potencialidades de desorde contidas nunha liberdade sen límite.

105 Para os máis dóciles, para os que renuncian de forma máis evidente á súa liberdade individual, a sociedade agradecida distribúe gratificacións: empregos, postos de responsabilidade, autoridade delegada, grao xerárquico, poder sobre os demais, salarios que permiten consumir, e así, aparecer tal que un individuo modelo de integración. Diplomas, carreira,

movemento sen ser visto. O poder desaparece, xa non se representa, pero existe; dilúese mesmo na infinita multiplicidade da súa única mirada. As prisións moderna, e tamén un gran número entre as máis recentes que chamamos «modelos», repousan sobre este principio.

110 traballo, ingresos: a sociedade non escatima os seus regalos para os elementos máis decididos a colaborar no seu proxecto. O panóptico axecha alí onde a liberdade existe: na familia, na relación cos outros, no traballo, por suposto, pero tamén no noso barrio, na nosa cidade, no noso país. E moi pronto en todo o planeta. Só uns poucos resisten á chamada da serea porque prefiren unha maior liberdade, mesmo se hai que pagar cunha seguridade menor ou unha menor visibilidade. A vós tócavos elixir... estaredes entre eses poucos?»

Michel Onfray: *Antimanual de filosofía*, Madrid, 2005, páxs. 128-131.

Actividades

1. Define os seguintes conceptos:

Liberdade:
Autonomía:
Socialización:
Poder:

2. Sinala se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas:

1.—A sociedade fomenta a liberdade dos individuos que a compoñen	
2.—A liberdade provoca un sentimento de angustia no individuo	
3.—A sociedade inventa técnicas de control	
4.—A escola busca sobre todo facer ao alumno competente no eido do saber	
5.—Os institutos están deseñados para que se poida saber onde e que fai o alumno	
6.—Os institutos están deseñados para garantir a invisibilidade do alumno	
7.—A liberdade é posible grazas ao control do espazo e o tempo	
8.—A escola é, en liñas xerais, allea ao proceso de socialización	
9.—O panóptico é un proxecto de construción	
10.—A escola fomenta a liberdade de pensamento	
11.—Na sociedade o individuo cambia seguridade por liberdade	
12.—Na sociedade moderna o poder non existe	

3. Segundo o autor do texto, que caracteriza a relación da sociedade cos individuos no que respecta á liberdade? (liñas 1-14).
4. Por que á sociedade non lle interesa que os individuos sexan libres? (liñas 15-22).
5. Que leva aos individuos a aceptar as limitacións a súa liberdade? (liñas 23-31).
6. Sinala algúns dos mecanismos a través dos cales a escola socializa aos individuos? (liñas 32-54).
7. Cal é o fin que persegue a arquitectura dos institutos? (liñas 55-60).
8. Cal é principio do funcionamento do panóptico? (liñas 70-74).
9. Sinala as características comúns entre as diferentes institucións trazadas segundo o modelo do panóptico? (liñas 75-90).